

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	24 de febreiro de 2022
Duración	Desde as 20:31 ata as 22:41 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaría	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SÍ
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SÍ
Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
Lucía Pereira González	SÍ
María Dolores Castiñeira Alén	SÍ
Miguel González González	SÍ
Noelia Pérez Domínguez	SÍ
Primitivo González Souto	SÍ
Rubén González Coto	SÍ
Santiago Rodríguez Davila	SÍ
Verónica Tourón Domínguez	SÍ
Ángela Ledo Souto	SÍ



Ángela Valcárcel Bernárdez

NON

Escusas de asistencia presentadas:

1. Ángela Valcárcel Bernárdez:

«Enfermidade»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

a) Acta sesión número 2021/10, extraordinaria de 13 de xullo.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/10, extraordinaria de 13 de xullo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/10, extraordinaria de 13 de xullo; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos Sres./das Sras. Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Nuñez Troncoso E Pérez Domínguez, e DÚAS abstencións dos/das Sres/Sras. González Souto, Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.

b) Acta sesión número 2021/11, extraordinaria de 5 de agosto.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/11, extraordinaria de 5 de agosto enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/11, extraordinaria de 5 de agosto; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos Sres./das Sras. Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González,



González González, Rodríguez Davila, Nuñez Troncoso E Pérez Domínguez, e DÚAS abstencións dos/das Sres/Sras. González Souto, Pérez Cabaleiro por non asistir á sesión.

c) Acta sesión número 2021/15, ordinaria de 28 de outubro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/15, ordinaria de 28 de outubro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alén: Quixera comezar por dicir que hoxe é un día triste, amencemos coa noticia do comezo dunha guerra, Rusia atacou a Ucraína, a verdade é para estar preocupados por todo o que está acontecendo. Dende Movemento Salceda queremos dicir unha vez máis non a guerra e tal e como manifestou esta tarde non hai moitas horas o Presidente Sánchez, pedimos que se poña fin a estas hostilidades- Estase a violar a legalidade internacional, todas as guerras teñen consecuencias sobre todo consecuencias económicas, pero as máis importantes, consecuencias humana. Eu estaba intentando saber o que acontecía nestas horas e lía que Ucraína exportaba gran cantidade de trigo a África, este conflito posiblemente vai a afondar precisamente nesa pobreza e unha vez máis afectará a xente que máis o necesita, a máis humilde. non só en Ucraína senón no resto do Mundo, dende Movemento Salceda queremos manifestar a nosa rotunda condena a esta guerra.

En canto á corrección da acta, na páxina 17 no segundo paragrafo onde falamos “como as bonificacións do apartado dous e agora con esta modificación que o único que obtén é espazo público para o desfrute da veciñanza e a dotación pública da veciñanza” en lugar de a dotación pública da veciñanza é “un espazo dotacional”.

Sra. Pereira González: Na páxina 7 na última frase que di “se ben é certo a responsabilidade individual e os comportamentos da sociedade son un cable” o que debe por é “son a clave”; e na páxina 10 na oitava liña empezando por abaixo di: “a aprobación definitiva será en torno a primeira quincena de outubro” e falabamos da “primeira quincena de decembro”

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/15, ordinaria de 28 de outubro; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE Concelleiros presentes nesta sesión.

d) Acta sesión número 2021/15, ordinaria de 23 de decembro.

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno



desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2021/15, ordinaria de 23 de decembro enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Castiñeira Alén: Na páxina 28 despois de falar das cifras hai unha oración que di: “Eu pregúntoche a ti Ana Crista, a Xunta non aumenta prezo dende cando, dende 2006, 2007 hai dez, quince anos díganos? E ten que por díganos, e logo máis abaixo pon “pode coller as actas, díxenllo en novembro do 2020, repetinllo a vostede, que sempre defende o servizo de atención no fogar” isto non foi así, “repetinlle a vostede que se defende a Xunta do Partido Popular”.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcaldesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2021/15, ordinaria de 23 de decembro; sendo aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE Concelleiros presentes nesta sesión.

Sr. Rodríguez Davila: Hoxe non é un día para estar contentos nin alegres polo tanto é bo, creo que é positivo que dende esta Corporación, a través dos tres grupos que representamos a cada un dos veciños e veciños mandemos unha mensaxe, primeiro de ánimo, de esperanza a esas mulleres e homes do país de Ucraína e polo tanto, mandar tamén esa mensaxe de que coa violencia non se conseguen grandes avances, todo o contrario e polo tanto esperemos que se poña fin a esta sen razón a esta barbaridade e que o diálogo e a diplomacia e o respecto dos seres humanos entre si se implore canto antes.

Sra. Alcaldesa: En nome do Grupo Socialista pero sobre todo, tal como acabades de expresar a portavoz de Movemento Salceda e o portavoz do Partido Popular, creo que esta é a mensaxe que debíamos dar. Hoxe o meu fillo fai escasas dúas horas me preguntaba cal era o motivo da guerra e se iso estaba xustificado, eu creo que un rapaz de 13 anos che pregunte isto e teña esa dúbida é sinal de que algo non estamos facendo ben como sociedade. Máis alá diso e de que cada quen ten que explicarlle aos seus como funciona o mundo ou como debería funcionar, creo que en nome da Corporación deberíamos mandar esa mensaxe de condena á guerra. Cando che pregunta un neno se iso nos vai a afectar pois por suposto vai a afectar a todos os niveis a unha parte da poboación moito máis e outra parte, como comentaba a portavoz de Movemento Salceda, aos sectores máis desfavorecidos e as persoas que están en peor situación lles afecta máis, polo tanto mensaxe unánime creo que podo dicir como Alcaldesa desta Corporación, condena á guerra e como dicía o compañeiro do Partido Popular, a violencia nunca é a solución, o respecto ás persoas e aos dereitos humanos tiñan que ser fundamentais.

Expediente 1982/2020. Resolución de recursos contra a aprobación definitiva da RPT.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 0



Sra. Castiñeira Alén: Logo da publicación definitiva da RPT o 19 de xullo de 2021 abríase un prazo para interposición de recursos e así se produciu, os recursos presentados foron oito, sete de traballadores e traballadoras do Concello e un do sindicato CSIF. Estes recursos ampáranse no exposto nas alegacións feitas con anterioridade á aprobación inicial da RPT e debatidas nesta sesión plenaria en varias ocasións, creo recordar que tres. O informe do asesor xurídico do Concello recolle as consideracións xurídicas, que amparan a desestimación de todos os recursos presentados e anéxase ademais individualmente a motivación de cada un deses recursos presentados. Hoxe é un pasiño máis no cumprimento da legalidade deste trámite, chegamos así ao final dun longo percorrido onde o equipo de goberno conseguiu aprobar esta primeira RPT da historia do noso Concello, un documento que como sabedes é obrigado por lei. Na Comisión informativa o Concelleiro Joaquín advertiu da falla de resolución dun dos recursos, o do traballador Carlos Carracedo e corrixiuse o erro ao día seguinte acompañando ese informe para que a esta sesión plenaria viñese completo, viñese subsanado.

Tal como di a proposta de Alcaldía, realizada a tramitación legalmente establecida, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, proponse a este Pleno a desestimación destes recursos, cousa que sei que van a votar en contra por que así o manifestaron en sesións plenarias anteriores e tamén na Comisión. Recórdolles que este documento como dixen é un documento obrigatorio por lei, un documento que ademais lle vai a permitir a este Goberno e aos sucesivos a organización do traballo, a organización para conseguir un obxectivo fundamental que é prestarlle os servizos públicos a veciñanza de calidade e nós como vos digo sempre debémonos a eles e a elas e hoxe é o pasiño definitivo deste longo camiño de aprobación de RPT.

Sr. Rodríguez Davila: Creo que o manifestado no pleno onde se aprobou definitivamente esta relación de postos de traballo o día 3 de xuño do ano 2021 pois claramente o posicionamento deste grupo respecto desta Relación de Postos de Traballo que unilateralmente aproba o goberno é en contra, non deste grupo, senón en contra de todos os sindicatos con representación dos traballadores, en contra do 95% dos traballadores, en contra da vontade de chegar a un consenso e a un acordo, en contra de todos salvo, loxicamente, do propio goberno. Incluso aquelas persoas que estaban na oposición ata hai ben pouco tempo cambiaron e mudaron o seu posicionamento respecto do que dicía dos traballadores e do goberno do mandato 2015-2019 e agora que ostentan responsabilidade de goberno, o seu posicionamento cambiou radicalmente, non só nesta cuestión senón en moitas outras pero en particular a esta relación de postos de traballo que tanto afecta a homes e mulleres que traballan neste Concello.

É certo que o pasado luns advertimos na Comisión que faltaba un expediente dun traballador e creo que é un despiste grave, foi este grupo quen lle advertiu ao goberno que faltaba a resolución desa alegación-reclamación que fixo ese traballador e que se incorporou fai dous días a ese expediente que ven pleno no día de hoxe.



Temos claro onde acabará esta relación de postos de traballo, como era previsible cando un aproba algo por imposición, co voto en contra, por dicilo de algunha maneira, de todos os sindicatos, CSIF, CCOO e a CIG e tamén pola maioría, por non dicir por unanimidade, o 95% máis ou menos dos traballadores, que lle afecta esta relación de posto de traballo, a relación de postos de traballo que o goberno aprobou non ía chegara a bo porto como desgraciadamente vai suceder con estas reclamacións e que estamos convencidos, porque así nolo transmiten, que acabarán na vía xudicial, pero serán eles, non nós, os que decidan ese último paso.

Aquí hai varias cuestións, o goberno tira para adiante porque como non lle afecta nin directamente, nin tampouco ten que costear ningún membro do goberno cos seus cartos o que supón esta barbaridade de relación de posto de traballo en canto os recursos, en canto o custe que lle vai a supoñer as arcas municipais en defensa de algo que a quen lle afecta non o acepta, é dicir non están de acordo, pero como quen paga e o pobo, non o paga ningunha persoa que ostenta o goberno por empecinamento por terquedade, por obsesión, por sacar a diante a súa proposta e non por buscar o acordo, e volvo a dicir e está recollido en acta, este grupo non lle di ao goberno que acepte todas e cada unha das demandas dos traballadores, nin da parte sindical por suposto que non, agora, o que non pode ser é que practicamente non acepten ningunha, que ningunha desas demandas sexan aceptadas por parte do goberno e as consecuencias son as que nos traen a día de hoxe e as que nos van a traer seguramente no futuro próximo. Nós lamentamos que o goberno, como lle dixen naquel pleno de xuño do ano 2021, non reflexione das consecuencias, dos prexuízos non a vostedes, senón a todos os veciños do custe que isto supón e por suposto as persoas que lle afecta esta relación de posto de traballo. Por certo, estamos a febreiro do ano 2022 e tiñan que vostedes resolver no mes de setembro, a finais de setembro, estes recursos, pero vostedes preferiron dar a calada por resposta. Nós por suposto que estamos en contra de que se lle rexeite e de que non se lle estimen estas reclamación e vamos a seguir dicindo o que dixemos ao longo deste anos respecto desta relación de postos de traballo, hai que retomar o acordo a través da mesa de diálogo, da mesa de negociación, hai que escoitar as partes e hai que ceder as dúas partes, reitero, non é aceptarlle todo o que piden pero tampouco é non aceptarlle nada do que demandan.

Sr. González Coto: Este é un punto que xa foi tratado en varias ocasións, aquí no pleno e tamén na mesa xeral de negociación cos representantes dos traballadores polo que está máis que debatido. Os recursos que aquí levabamos para aprobación definitiva e que estamos tratando, xa o explicou a miña compañeira de persoal Loli Castiñeira, van avalados por informes xurídicos e fundamentalmente versan tamén na aprobación inicial as mesmas motivacións, polo que o voto do Partido Socialista será favorable para aprobar esta RPT, que consideramos que é unha ferramenta fundamental para a estrutura laboral do Concello e coa que daremos un mellor servizo a todos os veciños e veciñas de Salceda.



Sra. Castiñeira: Teño que dicirlle ao portavoz do Partido Popular, que certo é que non estivo nas mesas de negociación, houbo tres pero si que podía haberse lido as actas das mesmas e vería que concesións se fixeron e que existiu en todo momento a negociación, obvia iso Santi e é moi importante. Dicirlle tamén que a RPT, díxenllo dende o primeiro pleno e reitero, a RPT mellora a situación económica do 80% dos traballadores e das traballadoras deste Concello e o 20% mantén a súas condicións salariais, pero iso tampouco o quere ouvir. Durante anos dixo que non tiñamos un documento como a RPT, agora que o temos non lle gusta. Imos camiñando cara o convenio e pronto traeremos a aprobación do primeiro convenio do persoal deste Concello, seguramente tampouco lle valga, o que nós temos que facer é cumprir os nosos compromisos, os acordos que tiñamos cos traballadores e traballadoras de levar estes dous documentos adiante, último paso para a RPT e camiñando cara ao final do primeiro convenio deste Concello.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Dolores Castiñeira, a relación de postos de traballo non me ten que gustar a min nin a este grupo, lle ten que gustar ou ten que estar de acordo as persoas a quen lle afecta, a min non me afecta a relación de postos de traballo nin a ningún dos meus compañeiros concelleiros, lle afecta as mulleres e homes que traballan neste Concello e si esas persoas, o 95% están en desacordo con esta relación de postos de traballo que vostedes aprobaron unilateralmente sen acordo, sen consenso e co rexeitamento de todos os sindicatos, pero como ten a ousadía de dicir o que acaba de dicir, vostede que é o que pensa que están a pensar, valga a de redundancia, os traballadores que poidan estar escoitando este pleno e que se queda tan tranquila. O 95% dos traballadores que lle afecta a relación de posto de traballo, que é para eles, que non é para min nin para ningún deste concelleiros, resulta que me ten que gustar a min a relación de postos de traballo? Nós o que estamos aquí a dicir e o dixen aquí nese pleno, non é a posición deste grupo, é o manifestado en documentos oficiais, en notas de prensa, en comunicados, en actas de mesas de negociación, que o de negociación desas mesas collémolo e poñémolo entre comillado, porque así o recollen esas actas, o da negociación nesas actas son un puro trámite, moitas delas de convocatoria formal para cubrir o expediente, e iso está recollido en acta e iso din nos recursos dos sindicatos e iso din no recursos dos traballadores. Polo tanto, digan o que digan, a realidade é que o 95% dos traballadores están en contra e todos os sindicatos están en contra. Os traballadores maioritariamente recorreron e outros o van a facer seguramente vía sindical no recurso xudicial que van a presentar, polo que me manifestaron, e para vostedes iso está chapó. Esa é unha labor, un compromiso do goberno, impor algo que non acepta a parte a que lle prexudica, neste caso, esta relación de postos de traballo, un pouquiño de respecto para esas persoas.

Remato como rematei naquel pleno do 3 de xuño ano 2021, dixen naquel entón que vamos a pagar todos os veciños, a través do custe económico para as arcas municipais e polo tanto cando o rexeitamento é contundente, maioritario sen paliativos de todos os afectados e tamén das organizacións sindicais deste administración creo que terían vostedes que reflexionar. Non todo é eterno e non



todo é para sempre, por iso quero mandar unha mensaxe de optimismo para o futuro porque todo ten remedio e seguramente no futuro acadaremos un acordo beneficioso para o Concello, para as arcas públicas e para os traballadores, non o que vostedes van a aprobar agora mesmo. Manteño e ratificamos o que dixen naquel entón, así non se avanza e por suposto que non é positivo para o Concello nin tampouco para as persoas que traballan para este Concello. O noso voto vai a ser por suposto en contra de rexeitarlle estas reclamacións.

Sra. Alcaldesa: Ao compañeiro do Partido Popular lle sobrou algunha das frases que dixo unha delas e a de “a calada por resposta” porque si tiveramos a calada por resposta non estaríamos aquí tratando este tema neste pleno para a aprobación definitiva. Segundo, non sei si o compañeiro do Partido Popular coñece moitos Concellos nos que a RPT se aprobara por unanimidade, estando o 100% de traballadores, sindicatos e goberno de acordo, gustaríame saber o nome de algún deses Concellos, algún haberá pero case a maioría das RPT non gustan a todo o mundo. Gustaríame como Alcaldesa e creo que a todo o equipo de goberno, que todos os traballadores e traballadoras deste Concello estivesen de acordo, tampouco creo que o 95% dos traballadores deste Concello estean en desacordo porque os recursos son oito.

Este é un compromiso que ten o equipo de goberno, creo que ademais un compromiso que iniciamos, recordo ben, nunha xuntaza nas que estas sete persoas do equipo de goberno a principios de xullo de 2019 reunimos aos traballadores e traballadoras e lles dixemos que o compromiso deste equipo de goberno era aprobar a RPT e o primeiro convenio do Concello de Salceda de Caselas, co cal estamos cumprindo compromisos, estamos dando pasos me gustaría que non se aproveitara esta ocasión por parte dos compañeiros do Partido Popular para entorpecer en ningún caso as negociacións que se están facendo e avanzando en relación co convenio colectivo. Volvo a insistirle, un compromiso deste equipo de goberno completo que levamos a diante e que como dicía a portavoz de Movemento Salceda, esperamos continuar coa aprobación do primeiro convenio do Concello de Salceda. De verdade, os traballadores e traballadoras, non todo o mundo pode estar de acordo pero a RPT a parte de ser un documento obrigatorio que nos marca a lei e que temos que aprobar, tamén é un documento, un instrumento municipal necesario para organización da estrutura do Concello e poder dar e mellorar os servizos as veciñas e veciños que é para o que está a aquí o goberno municipal. Paso a ler a proposta de acordo seguinte:

“Visto que a Relación de Postos de Traballo (RPT) do Concello de Salceda de Caselas foi aprobada definitivamente en sesión plenaria celebrada o día 03/06/2021.

Visto que a citada relación de postos de traballo foi publicada na sede electrónica do Concello e que o acordo de aprobación definitiva e a estrutura de postos da RPT foron publicados no Boletín Oficial da Provincia núm. 136 de 19 de xullo de 2021.



Visto que o acordo de aprobación definitiva foi notificado aos interesados en data 04/08/2021.

Visto que constan no expediente a presentación en tempo e forma dos seguintes recursos de reposición contra o acordo plenario de aprobación definitiva da RPT:

- Recurso de data 06.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1294 presentado por María Nilsa Suárez González.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1360 presentado polo sindicato CSIF.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1363, presentado por Ana María Pérez Rodríguez.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1365, presentado por Pablo González Urceira.
- Recurso de data 19.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RC-4137, presentado por María Isabel Estévez Pazo.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1376, presentado por Humberto Rey González.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1379, presentado por Carlos Carracedo Carballido.
- Recurso de data 04.10.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1707, presentado por David Ricón Castro.

Visto o informe xurídico emitido por Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 24.01.2022 para a resolución dos recursos de reposición formalizados fronte á aprobación definitiva da RPT do Concello de Salceda de Caselas, así coma as propostas de resolución anexas ao sinalado informe, que conteñen as consideracións fácticas e xurídicas polas que deben resolverse os sinalados recursos.

Visto así mesmo o informe de Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 22.02.2022 para a resolución do recurso de reposición interposto por Carlos Carracedo Carballido contra a aprobación definitiva da RPT do Concello.

Realizada a tramitación legalmente establecida, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte,

ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, polos motivos expostos nas propostas de resolución anexas ao informe data 24.01.2022 de resolución dos recursos de reposición formalizados fronte á aprobación definitiva da RPT do Concello de Salceda de Caselas e no informe de data 22.02.2022 emitidos por Juan Carlos Méndez Lorenzo, os seguintes recursos:

- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1360 presentado



polo sindicato CSIF.

- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1363, presentado por Ana María Pérez Rodríguez.
- Recurso de data 19.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RC-4137, presentado por María Isabel Estévez Pazo.
- Recurso de data 06.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1294 presentado por María Nilsa Suárez González.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1365, presentado por Pablo González Urceira.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1376, presentado por Humberto Rey González.
- Recurso de data 04.10.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1707, presentado por David Ricón Castro.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1379, presentado por Carlos Carracedo Carballido.

SEGUNDO. Inadmitir o recurso de data 04.10.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1707, presentado por David Ricón Castro, por presentarse fora do prazo legalmente establecido polos motivos expostos no informe de resolución dos recursos de reposición formalizados fronte á aprobación definitiva da RPT do Concello de Salceda de Caselas emitido por Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 24.01.2022

TERCEIRO. Corrixir, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o erro existente na Relación de Postos de Traballo en relación á titulación académica esixida para o posto denominado “Conserxe notificador” con código núm. 1009, de forma que onde di “Graduado en ESO” debería dicir “Estudios primarios”.

CUARTO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello formada polos seguintes documentos presentados en data 04.08.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-1266) coa corrección advertida no apartado terceiro do presente acordo:

- Organigrama, funcións e RPT
- Valoración de postos

QUINTO. Notificar aos recorrentes o presente acordo xunto ao informe e propostas emitidas por Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 24.01.2022 e en data 22.02.2022, publicar integramente a citada relación de postos de traballo na sede electrónica do Concello e publicar o presente acordo e a estrutura de postos da RPT no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.”



VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal **Movemento Salceda (4)** e **PSdeG-PSOE(3)** e **CINCO** votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal **Partido Popular**, adoptándose o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar, polos motivos expostos nas propostas de resolución anexas ao informe data 24.01.2022 de resolución dos recursos de reposición formalizados fronte á aprobación definitiva da RPT do Concello de Salceda de Caselas e no informe de data 22.02.2022 emitidos por Juan Carlos Méndez Lorenzo, os seguintes recursos:

- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1360 presentado polo sindicato CSIF.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1363, presentado por Ana María Pérez Rodríguez.
- Recurso de data 19.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RC-4137, presentado por María Isabel Estévez Pazo.
- Recurso de data 06.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1294 presentado por María Nilsa Suárez González.
- Recurso de data 18.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1365, presentado por Pablo González Urceira.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1376, presentado por Humberto Rey González.
- Recurso de data 04.10.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1707, presentado por David Ricón Castro.
- Recurso de data 20.08.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1379, presentado por Carlos Carracedo Carballido.

SEGUNDO. Inadmitir o recurso de data 04.10.2021, con núm. de entrada 2021-E-RE-1707, presentado por David Ricón Castro, por presentarse fora do prazo legalmente establecido polos motivos expostos no informe de resolución dos recursos de reposición formalizados fronte á aprobación definitiva da RPT do Concello de Salceda de Caselas emitido por Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 24.01.2022

TERCEIRO. Corrixir, de conformidade co disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas o erro existente na Relación de Postos de Traballo en relación á titulación académica esixida para o posto denominado “Conserxe notificador” con código núm 1009, de forma que onde di “Graduado en ESO” debería dicir “Estudios primarios”.

CUARTO. Aprobar a Relación de Postos de Traballo deste Concello formada polos seguintes documentos presentados en data 04.08.2021 (Rex. núm. 2021-E-RE-1266) coa corrección advertida no apartado terceiro do presente acordo:



- Organigrama, funcións e RPT
- Valoración de postos

QUINTO. Notificar aos recorrentes o presente acordo xunto ao informe e propostas emitidas por Juan Carlos Méndez Lorenzo en data 24.01.2022 e en data 22.02.2022, publicar integramente a citada relación de postos de traballo na sede electrónica do Concello e publicar o presente acordo e a estrutura de postos da RPT no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTO. Remitir una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma no prazo de trinta días.

Expediente 423/2022. Solicitud de declaración do “Entroido da Feira e do Castro Barreiro” como Festa de Interese Turístico de Galicia.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

Sr. Rodríguez Canosa: Hoxe é o último xoves do mes de febreiro pero a coincidencia quixo facer que sexa xa xoves de entroido e en breve momento comezará xa un dos imprescindibles rituais do mellora entroido do mundo, o Entroido de Salceda, e máis concretamente o Entroido da Feira e do Castro Barreiro. Mentres nós estamos aquí neste pleno, nos dous barrios están xa na fase final da preparación das súas carrozas, dos seus traxes, das súas coreografías, da música e ademais están pendentes este primeiro ritual deste entroido que é o intercambio dos pasquíns, cando os barrios fan público os pasquíns onde o interese principalmente está en ollar as mofas, os chistes que cada barrio dedica con cariño cada ano. Un dos rituais, dos feitos diferenciadores do noso entroido dun total de máis ou menos 11, é o rancho do Entroido, recuperado no ano 2018 e que este domingo volverá a percorrer as rúas de Salceda. Un entroido con feitos diferenciadores e con figuras representativas como poden ser os cabaleiros, os danzantes, as damas ou os mamarrachos e con un fío condutor único, como é a rivalidade entre dous barrios representada en multitude de puntos como nas academias, nos pasquíns, nas festas, na carroza e na comparsa, na música ou nas vestimentas e tamén con actos como a representación de sainetes recuperados recentemente polo barrio da Feira.

Once feitos diferenciadores que non se dan en ningún outro entroido de Galicia e incluso me atrevería a dicir que no mundo, que veñen recollidos nesta memoria que presentamos hoxe neste pleno, o xoves de entroido para a aprobación e posterior presentación ante a Axencia Galega de Turismo co obxectivo que a nosa festa máis importante, a nosa festa con máis arraigo sexa declarada de “Interese Turístico de Galicia”. Podería resumir os feitos máis importantes e recoñecibles do noso entroido



pero penso que todos e todas coñecemos de sobra, un entroido que se leva celebrando cando menos dende 1888, único en Galicia e que ten tanta importancia que é quen de xuntar inimigos e de separar amizades, un entroido que tamén grazas ao traballo e paixón de milleiros de veciños e veciñas destes barrios foi quen de chegar aos nosos tempos. Quero aproveitar para agradecer toda a colaboración por parte da veciñanza dos barrios da Feira e do Castro Barreiro para poder elaborar esta memoria que en 750 páxinas recolle a historia e características deste entroido, unha memoria que chega aquí logo de máis dun ano de traballo e que temos, por seguro, que valerá para que o noso entroido sexa declarado “Festa de interese turístico de Galicia”.

Sr. Rodríguez Davila: Cando se traen a pleno cuestión nas que todos os salcedenses nos sentimos identificados, ben directamente ou indirectamente, ben porque o vivimos dende dentro a través das familias ou ben porque o vivimos dende fora como espectadores, como simple e llanamente apaixonados do entroido, creo que o mínimo que temos que facer, os que temos a satisfacción e orgullo de representar aos salcedenses na Corporación municipal é traelos e apoialos e intentar convencer a aquelas persoas que teñen que tomar a última decisión, para que unha cuestión coma estas, nas que por suposto sería un gran noticia positiva, non só para estes dous barrios, que como ben dixo o compañeiro Alejandro foron os que prenderon a chama do entroido no noso Concello alá por ese ano 1988 que conste en documento escrito pero seguramente con anos de anterioridade, pois como digo, temos a obrigaón de defender as cousas que nos unen pois temos que facer a persuasión nesas que teñen que tomar a decisión que nos van a afectar para ben, neste caso aos Salcedenses, non só a estes dous barrios centenarios de Castro-Barreiro e da Feira, senón tamén a todos e cada un das parroquias dende fai máis de 20 anos fan o seu entroido o domingo e noutras localidades veciñas e polo tanto, outro entroido diferente pero tamén festexan esta festa popular e tradicional.

A parte do que comentou o compañeiro de cultura, que ratifico o que dixo porque está plasmado neste documento, o cal tamén felicito a esa persoa que o elaborou que se me di que é unha rapaza chamada Beatriz, quero dicir tamén a maiores do que dixo o compañeiro Alejandro, que aquí neste documento se conta de onde nace o entroido, que foi alá a raíz dos seráns que se celebraban na carballeira do Barral e tamén no Eido do Suárez, familia do meu avó. É unha satisfacción ver como moitos veciños, ben reflexados neste documento fotos das súas familias e o certo é que me sorprende que tamén aquí aparece unha foto do rancho de 1955 onde aparece o meu pai, tería sobre 17 anos por aquel entón e polo tanto nos enche de orgullo que mulleres e homes dos dous diferentes barrios, ao longo deste máis de 133 foron quen de levar e de defender unha tradición que agora nós como membros da Corporación debemos conseguir esa declaración de “Festa de Interese Turístico de Galicia”. Tamén se conta como chegou o Rancho de entroido á Arxentina ou como os emigrantes de Brasil mudaron o feito de celebrar o entroido a través das músicas ou dos bailes ou tamén se conta en diferentes documentos do 1912 e doutras épocas, como se narran nesos periódicos da comarca o entroido único por aquel entón, como



o martes de entroido aglutinaba aquí tantas e tantas persoas da bisbarra que viñan a desfrutar desa festividade e tamén é curiosa esa carta que firma Sergio Estévez Díaz, que todos coñecemos como “Sergio dos huevos” do Castro-Barreiro, que debía ter 18 anos aproximadamente e como Alcalde de aquel entón do 1970 lle di ao Gobernador Civil que a persoa que solicita a autorización para que o Castro-Barreiro poida volver a celebrar a festa do entroido é unha persoa de boa conducta. Hai documentos curiosos os cales demostran o desinterese altruísta por un lado e a alegría por intentar recuperar esa tradición que habían perdido durante uns anos pero que non podían permitir que o barrio contrincante, ano tras ano, lles botase en cara que non celebrase o entroido e polo tanto estaba coxo o entroido e había que recuperar o adversario do carnaval para que realmente volvera ser ese carnaval competitivo e tan único como ben se dixo aquí no día de hoxe.

Agradecer a todos e cantos colectivos, veciños, diferentes entidades públicas e privadas que fixeron posible ano tras ano que cheguemos a este ano 2022 co entroido máis vivo que nunca, coa recuperación dese Rancho de Entroido e que outro día foi a televisión de Galicia e todo puidemos contemplar o bo facer deses pequenos e pequenas e que estou convencido de que é a semente para manter viva esta tradición centenaria. O noso voto vai ser afirmativo e nos comprometemos e me comprometo como portavoz deste grupo intentar facer todo o posible para que sexa declarada de “Festa de interese Turístico de Galicia” esta festa do entroido.

Sr. González Coto: Como xa expresou Santi a memoria redactada pola autora e explicada polo compañeiro e Concelleiro de Cultura, Alejandro Rodríguez, coa que imos solicitar a declaración de Festa de interese Turístico de Galicia do noso entroido, e permitidme o noso entroido porque xa fai máis de 20 anos que o martes de entroido é festivo local en Salceda e polo que a maior parte de Salceda ou case a totalidade sentimos un especial sentimento aí no corazón por esta festa e sobre todo polo entroido da Feira e Castro-Barreiro, estes que xa levan co entroido centenario entre dúas parroquias con moitos elementos diferenciadores que non teñen outros entroidos da provincia ou incluso de Galicia e co que esperamos que sexan favorablemente valorados turisticamente e poidamos declarar a festa de interese aquí en Galicia. O voto do Partido Socialista vai ser favorable.

Sr. Rodríguez Canosa: Respecto ao que dixo Santi, a memoria foi recopilada e redactada por unha técnica especialista en turismo, Beatriz Gil da empresa Pasaporte Rural que foi a mesma que nos preparou a memoria para a solicitude para o interese turístico da Festa dos Callos. Coincido no que dixo Santi, é un traballo moi completo de recopilación e apaixonante foi este traballo onde tiven o pracer de falar con moitísimos veciños e veciñas e descubrir multitude de anécdotas que falan da importancia deste entroido para a veciñanza destes barrios. Unha vez que esta memoria sexa entregada estamos vendo a posibilidade, porque creemos que é un traballo que non debería quedar soamente para presentalo en turismo, estamos valorando a posibilidade de cambiar un pouco o formato e publicala e que todo o mundo poida ter esta recopilación deste todo o entroido. Tamén o que si vamos a



facer xa con esta, é entregarlle aos protagonistas dos barrios, as asociacións e a veciñanza máis vinculada co entroido, unha copia desta memoria e de todos os anexos que ten.

Sr. Rodríguez Davila: Por suposto que estamos de acordo que se divulgue este traballo de recopilación de toda esa documentación e polo tanto o noso apoio e o noso visto bo para que loxicamente se lle faga chegar a estes dous colectivos do entroido e tamén a esas persoas máis significativas – representativas. Quería tamén para rematar, comentar algo curioso que ben nesta memoria que é o porqué de “Castro-Barreiro”, sabemos que o chamado a Feira é esa zona en concreto onde esta o Centro Cultural e logo hai outros barrios como a Paxariña, Farrapeira, etc... pero o de Castro-Barreiro parece que é todo o Castro-Barreiro pero tamén é outras zonas dentro dese barrio, o Castro-Barreiro ven porque precisamente nos comezos do entroido se celebraba no torreiro do Castro e co paso dos anos pasou ao cruce dos camiños e máis tarde definitivamente ao torreiro do Barreiro e entón por non perder aquilo do torreiro do Castro se lle puxo Castro-Barreiro en respecto ao inicio de onde se empezou a celebrar o entroido no lugar do Castro. Como esa hai moitas máis, cando un lee esas 700 páxinas se atopa con anécdotas curiosas, simpáticas, de pasquíns, de chistes, de programacións etc... creo que é un traballo que hai que aplaudir e polo tanto cando as cousas están ben feitas non hai máis que recoñecelo e agradecerlo e respaldalo.

Sra. Alcaldesa: Un entroido centenario nos daría para nadar nesa memoria moitísimo, tal como explicou o Concelleiro de Cultura e o portavoz do Partido Popular, unha memoria daría para falar e para que este pleno se alongase durante horas porque como dicía, un entroido centenario, único, referente en toda Galicia, un dos máis antigos en toda Galicia. Creo é unha memoria moi ben traballada, hai que felicitar a Beatriz Gil pola súa elaboración, todos desfrutamos dela pero debemos darlle os parabéns ao Concelleiro de Cultura por un traballo de recopilación e de estar coa xente e de traballar coa empresa redactora, con esta rapaza especialista en turismo que a redactou, porque dende longo creo de todos e todas as que tivemos ocasión de lea, desfrutamos con ela e seguramente sigamos desfrutando e máis facendo ese traballo de divulgación. Eu creo que as administracións temos obriga e nós como Concello, de manter viva estas tradicións e creo que o que estamos facendo aquí hoxe, aprobando por unanimidade, esta memoria para que Turismo de Galicia nos de ese visto bo para declarar o entroido da Feira e Castro-Barreiro como festa de interese turístico de Galicia, esa é a proba, esa unanimidade a que todos chegamos e estamos de acordo. En definitiva hoxe, como dicía Álex, no que da comezo para moitos e moitas o entroido no que miro cara de concelleiras ganas de estar tamén desfrutando xa no seu barrio deste inicio. Alégrome como Alcaldesa e como salcedense que cheguemos por unanimidade, creo que ademais un día moi apropiado para aprobar esta memoria e conseguir que este patrimonio material que temos sexa recoñecido dunha vez por todas como Festa de interese turístico de Galicia. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:



“Visto o disposto no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia (DOG nº 12 do 20 de xaneiro de 2015), que ten por obxecto regular os requisitos e os efectos da declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Visto que o entroido da Feira e do Castro Barreiro é un dos máis antigos de Galicia celebrándose desde hai máis dun século e que conta con 133 anos de historia documentada, polo que se trata dunha festa reúne os requisitos de antigüidade, singularidade, arraigo, promoción, valor cultural e continuidade no tempo establecidos no artigo 3 do citado Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro para a declaración de festa de interese turístico de Galicia

Visto que consta no expediente a memoria explicativa asinada en data 15.02.2022 e elaborada ao abeiro do disposto no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

Visto que o procedemento debe iniciarse a solicitude do Concello mediante acordo do pleno onde conste expresamente a solicitude de declaración de festa de interese turístico de Galicia.

*Por todo o exposto, propono ao pleno a adopción do seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO: Solicitar a declaración do “Entroido da Feira e do Castro Barreiro” de Salceda de Caselas como Festa de Interese Turístico de Galicia conforme ao regulado no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia.

SEGUNDO: Aprobar a memoria explicativa que será achegada para a devandita declaración.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Axencia Turismo de Galicia xunto coa documentación preceptiva establecida no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, por medios electrónicos.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por SETE votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e CINCO ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Solicitar a declaración do “Entroido da Feira e do Castro Barreiro” de Salceda de Caselas como Festa de Interese Turístico de Galicia conforme ao regulado no Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de

interese turístico de Galicia.

SEGUNDO: Aprobar a memoria explicativa que será achegada para a devandita declaración.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo á Axencia Turismo de Galicia xunto coa documentación preceptiva establecida no artigo 11 do Decreto 4/2015, do 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, por medios electrónicos.

Moción relativa á celebración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Pérez Cabaleiro: Como todos os febreiros traemos unha moción defendendo a igualdade efectiva e real entre homes e mulleres, isto quere dicir que estamos nun momento onde aínda non chegamos a esa igualdade e aínda temos que seguir presentando mocións e levando a cabo feitos para conseguir isto proximamente, paso a ler a moción que presentamos, seguinte:

*“O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas de acorde co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

A Administración autonómica galega impulsa, desde hai anos, a coeducación como modelo educativo, pois ten por obxectivo desbotar os estereotipos e os roles historicamente creados en torno ao xénero, fomentando, deste xeito, a igualdade real e efectiva.

Neste sentido, destaca a aprobación do / Plan de actuacións para a igua/dade nos centros educativos de Galicia. Un instrumento específico de igualdade que foi elaborado co obxectivo de servir de referente a todos os centros de ensino para abordar a coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, e no que recoller de forma sistemática as medidas a desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas ao alumnado, profesorado e equipos de orientación.

Así mesmo, hai que ter en conta que o sistema educativo non pode asumir en exclusiva o labor da educación en valores de igualdade. Por iso, é esencial a implicación das familias, para o que resulta fundamental a sensibilización e formación en materia de igualdade de xénero, enfocada á ruptura de estereotipos e ás distintas implicacións que estes comportan na vida das



persoas: a elección de estudos, profesións ou actividades deportivas, a falta de corresponsabilidade no fogar, as relacións afectivas desiguais, e un longo etcétera.

A fenda de xénero nas vocacións STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemática) é un feito incontestable que hai que atallar dándolle un impulso á vocación científica dende as idades máis novas.

A este respecto, a aprobación da Leí 15/2021, do 3 de decembro, pala que se modifica a Leí 11/2007, do 27 de xul/o, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, marca os obxectivos de traballo para os vindeiros anos no que atinxe á prevención de realidades emerxentes da violencia contra as mulleres a través das tecnoloxías da información e a comunicación.

A violencia dixital, en forma de control e violencia psicolóxica da parella, principalmente a través do móbil, pero tamén outras formas como o ciberacoso, sextorsión e abuso sexual a menores de idade, vai en aumento nos últimos tempos e ten como principais vítimas ás mulleres e principalmente adolescentes.

Por todo isto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDOS**

1. Instar á Xunta de Galicia a:

- a) Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).
- b) Darlle continuidade á mellara da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.
- c) Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo en rede.
- d) Darlle continuidade á estratexia de educación dixital impulsando a posta en marcha da Estratexia Dixital Galicia 2030 fomentando as actividades para despertar o interese das nenas palas competencias STEM.
- e) Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.

2. Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:



- a) *Posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellara da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións, entre elas, a Xunta de Galicia.*
- b) *Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.*
- c) *Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións científicas e tecnolóxicas.*
- d) *Realización de actividades enfocadas a despertar o interese das nenas palas competencias STEM.*
- e) *Realización de accións de sensibilización social e concienciación colectiva para o fomento de actitudes de respecto e tolerancia no ámbito da igualdade.”*

Sra. Pérez Cabaleiro: Creo que son materias completamente necesarias que todos deberíamos levar a cabo no noso día e que nunca queden en papel mollado. Fai un par de anos aprobamos por unanimidade o Plan de Igualdade Municipal e por suposto entre todos celebramos que isto ocorrese, este grupo, o Grupo Popular considera primordial que se loite e defenda a diario a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes e que por suposto, como dicimos, que non quede en papel mollado. Non é a primeira vez que o dicimos, que o Plan está moi ben traelo a este Pleno municipal, defendelo entre todos os grupos, pero o que non pode ser é que este quede en papel mollado senón que tense que ver representado no día a día das actividades e que se loite por unha conciliación de verdade. Non é a primeira vez, tampouco que dende este grupo dicimos que dende o goberno non se está loitando pola conciliación entre homes e mulleres, non se está loitando pola conciliación familiar e un claro exemplo son as convocatorias dos plenos extraordinarios as cales nos non tivemos nunca acceso a defender a nosa postura. Pedimos en varias ocasións que estes plenos se levasen á tarde debido a que pola conciliación laboral e familiar en moitos casos non é posible que acudamos e por suposto como defendemos sempre, sempre que haxa consenso entre todas as administracións, entre todos os grupos políticos por defender unha igualdade real efectiva nós camiñaremos sempre da man do goberno, da man do goberno municipal, da man do goberno estatal e da man do goberno autonómico, pero sempre que se defenda a diario e se loite pola igualdade efectiva entre homes e mulleres.

Sra. Castiñeira Alén: Movemento Salceda vai votar a favor desta moción porque non podo estar máis de acordo con Ana Cristina en que as políticas en igualdade son necesarias, tamén é certo que buscar e aplicar financiación delas por parte doutras administracións é necesario e os puntos que se trasladan e se instan ao Concello estamos traballando neles. Paso a falar do traballo feito para que precisamente non sexa palabrería nin papel mollado pero si antepor o noso voto a favor desta moción.



Esta lexislatura sabedes que é unha lexislatura especial, é a primeira vez que existe unha Concellería de Igualdade que ademais teño a gran honra de dirixir. A posta en marcha de iniciativas no eido de igualdade foi dende o primeiro día e vou seguir coa mesma paixón ata o último dos días desta lexislatura, non é palabrería, non é papel mollado. En xaneiro de 2020 aprobamos ese Plan de igualdade efectiva entre homes e mulleres do noso Concello por unanimidade nesta sesión plenaria, 63 medidas contiña, moi pronto traeremos a análise do cumprimento desas medidas pero asegúroche que unha gran parte desas medidas, incluso en contexto covid que era moi complexo levalas a cabo, están cumpridas, pero ademais este cumprimento é en diferentes eidos, no educativo, no cultural, no urbanístico. Daremos boa conta deles para que precisamente, non só vos compañeiros e compañeiras da Corporación teñades os datos, senón a veciñanza os teña. Isto foi en xaneiro de 2020, xa en xuño de 2020 a primeira edición do programa de igualdade e prevención da violencia de xénero, creando un servizo de atención integral para mulleres, mulleres con certa vulnerabilidade pero atendendo xuridicamente, laboralmente, socialmente, psicolxicamente, pasaron por este programa máis de 40 mulleres e realizáronse cinco talleres, que non vos vou a enumerar todos eles agora, pero que tiveron moi boa acollida e que incidía en todos eses puntos dos que falaba antes Ana Cristina na moción. Durante o 2020 o programa Olimpia Valencia, durante o 2021 programa Diana, financiados ambos eles pola Deputación e no 2021 volvemos a realizar a segunda edición do programa de prevención da violencia de xénero, nesta ocasión máis de 60 mulleres participaron en todos os talleres e todos os servizos que ofrecía de novo este taller. Si falamos de financiación, o Plan de Igualdade custou 7835€, os programas de igualdade están valorados en 19.759€ o programa Diana, o programa Olimpia Valencia en 12776€ grazas á colaboración coa Deputación de Pontevedra, coa Xunta de Galicia a través da Consellería de Igualdade e emprego e con fondos propios levamos conseguido-invertido máis de 45.000€ nestes dous anos e pouco. Non vos despistedes, sempre do contexto da pandemia.

Creo que se está facendo moi bo traballo en canto ao desenrolo destas políticas da que fala esta moción, pero sigo dicindo que queda moito por facer. Gustaríame mencionar o especial éxito dalgunhas das iniciativas, tanto do Programa Diana coma do Programa Olimpia Valencia. Hai pouco presentabamos un taller de audiovisuais no IES Pedras Rubias, creo que o resultado o coñecedes todos, os nosos rapaces e rapazas fixeron un traballo espléndido, pero o que vistes foi o resultado, o traballo con eles foi satisfactorio para eles, para nós, creo que esas son as políticas nas que hai de incidir no futuro neles, a elaboración do mapa do medo, os puntos negros da nosa vila, tivo moitísima repercusión. As campañas sen clientes non hai explotación do 23 de setembro, día internacional contra a explotación sexual, un programa novo que pouquiño concellos organizaron e que tivo unha excelente acollida. A elaboración da guía “Muller coñecendo os teus dereitos”, o primeiro concurso de fotografía “Salceda contra a violencia de xénero” e seguiremos con diversas actividades. Imos presentar en breve, cara ao 8M a presentación deste libro “Galegas na ciencia”, é un libro que recolle as biografías de 20 mulleres galegas que abriron as



portas vencendo obstáculos, burlas, desprezos, o día a día daquelas mulleres que intentaban ser diferentes naquela e que nos abriron un camiño a todos e a todas, “Galegas na ciencia” que como vos digo vaise presentar en breve no IES, ese é o meu compromiso como Concelleira de Igualdade, compromiso de Movemento Salceda, compromiso do Goberno conseguir entre todos e todas unha Salceda máis igualitaria.

Sra. Ledo Souto: Por supuesto el voto del Partido Socialista va a ser a favor, la igualdad, el feminismo y la lucha contra la violencia de género es una bandera del Partido Socialista de siempre y consideramos que la igualdad tiene que tener cada día más relevancia, sobre todo los centros educativos, nos parece que es primordial pues desde la educación es desde donde se tienen que poner todos los esfuerzos para que las próximas generaciones cambien algo las cosas y mejoren la sociedad en ese sentido. Por supuesto vamos a apoyar la moción.

Sra. Alcaldesa: Por supuesto vamos a apoiar, como comentaba dende o Partido Socialista e como equipo de goberno, a apoiar a moción presentada. Gustaríame facer fincapé, nos repiten pleno tras pleno si os plenos pola mañá son mellor conciliación ou non, creo debemos entender que hai moitos tipos de conciliación. Podemos empezar pola conciliación laboral, pero a min cando me falan de conciliación en igualdade de homes e mulleres creo que como nai non sei si é mellor un pleno as 9:30 da mañá cando un rapaz, nenos e nenas están no colexio ou as 8:30 da tarde. Eu como nai non podo deixar aos meus fillos ás 20:30 da tarde e así conciliar. A veces creo que tamén temos que pensar en que hai mulleres e homes neste equipo de goberno que se encargan dos fillos mañá, tarde e noite, polo cal a conciliación, a min deixádeme dubidar que sexa sempre no caso de igualdade de homes e mulleres e da familiar non sempre é o máis axeitado. Si é verdade que a conciliación laboral pode dar máis problemas pola mañá ou pola tarde dependendo das quendas, neste caso o Concello de Salceda de Caselas ten establecido os plenos ordinarios en horario de tarde as 20:30 e os plenos extraordinarios os realizamos habitualmente ás 9:30 da mañá, creo que é unha maneira de compensar

Sra. Pérez Cabaleiro: Cando falamos de conciliación familiar e conciliación laboral por suposto referímonos que unha xornada laboral, no mundo real, non comeza as 9:30 da mañá, non sei neste Concello a que horas entrades a traballar pero dende logo eu no meu traballo non podo entrar as 9:30 da mañá, poñemos os plenos pola mañá non hai problema pero a unha decente para que realmente haxa unha conciliación laboral e familiar, 8 da mañá por exemplo ou pola tarde, non pedimos as 8:30 tampouco, simplemente que haxa unha conciliación real por iso si que é apostar por unha igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.

Sra. Alcaldesa: Insisto e non quero debater moito este tema porque pode entrar as condicións persoais de cada un e non é o caso. Ás 8 da mañá a conciliación familiar con nenos e nenas en idade escolar é complicado pero independentemente disto, que volvo a insistir, depende de cada un, a conciliación familiar outra cousa, na conciliación laboral que pode haber moitas quendas diferentes, pero na conciliación



familiar falamos de nenos, as nais e pais temos que conciliar 24 horas do día. En canto á moción que nos atinxe hoxe aquí dende logo o Partido Socialista, temos claro que sempre defendemos as políticas de igualdade entre homes e mulleres, levamos esa bandeira. Este equipo de goberno como ben comentou a Concelleira de Igualdade, leva feito un montón de medidas e posto en marcha medidas reais e efectivas e que podemos contrastar todas as persoas, ademais está facendo incidencia especial na poboación máis xove, nos nenos e nenas, nos mozos e mozas que creo é onde máis se debe influír para que todo cambie. Queda moito por facer pero creo que este equipo de goberno traballou durante estes anos poñendo moitísimas medidas en marcha e o acaba de plasmar a Concelleira de igualdade. Creo que as políticas de igualdade entre homes e mulleres é a única ferramenta ou a máis importante para mellorar a vida das persoas. Non podemos manternos neutrais nun tema como este, porque só tendo en conta as mulleres teremos progreso e haberá futuro, co cal o noso apoio total a esta moción. Alégrome que outra vez máis neste pleno de hoxe estemos de acordo por unanimidade en temas tan importantes como pode ser a igualdade entre homes e mulleres e esta moción do 8M. Como xa se deu lectura a moción pola compañeira do Partido Popular pasamos a votación.

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **DOCE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a:

- a) *Promover os principios de igualdade e de transversalidade de xénero no deseño e implantación das políticas da Administración e nomeadamente no ámbito educativo (currículo educativo, plans de coeducación, convenios, protocolos, etc.).*
- b) *Darlle continuidade á mellara da formación do persoal docente en igualdade e prevención da violencia de xénero.*
- c) *Fomentar a promoción da coeducación no conxunto da sociedade e nomeadamente do persoal da administración e comunidade educativa, a través de instrumentos de divulgación, ferramentas didácticas e estratexias de traballo en rede.*
- d) *Darlle continuidade á estratexia de educación dixital impulsando a posta en marcha da Estratexia Dixital Galicia 2030 fomentando as actividades para despertar o interese das nenas palas competencias STEM.*
- e) *Desenvolver actividades formativas e de asesoramento persoal en materia de educación afectivo-sexual dirixidas á mocidade, que promovan relacións igualitarias e respectuosas.*

SEGUNDO: Instar ao Concello de Salceda de Caselas a:



- a) Posta en marcha de iniciativas municipais e medidas dirixidas á mellora da detección precoz da violencia de xénero e da violencia sexual entre a mocidade, así como a activación dos mecanismos de resposta pro-activa en colaboración con outras Administracións, entre elas, a Xunta de Galicia.
- b) Desenvolver proxectos e programas coeducativos enfocados á ruptura dos estereotipos de xénero, en particular os dirixidos a difundir referentes femininos nos distintos eidos.
- c) Desenvolver campañas de sensibilización destinadas ao entorno familiar e social das nenas para que se sintan apoiadas no desenvolvemento das súas vocacións científicas e tecnolóxicas.
- d) Realización de actividades enfocadas a despertar o interés das nenas palas competencias STEM.
- e) Realización de accións de sensibilización social e concienciación colectiva para o fomento de actitudes de respecto e tolerancia no ámbito da igualdade.

Expediente 478/2022. Aprobación de memoria valorada de execución de mellora e acondicionamento do “Carreiro do Rollo”, entre as rúas Rollo e Victoriano Pérez Vidal. URXENCIA

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 7, En contra: 0, Abstencións: 5, Ausentes: 0

VOTACION URXENCIA: Sometida a urxencia o asunto de “aprobación de memoria valorada de execución e mellora e acondicionamento do “Carreiro do Rollo”, entre as rúas Rollo e Victoriano Pérez Vial”, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos DOCE membros asistentes a esta sesión, pasándose polo tanto a tratar o asunto.

Sr. González González: Primeiramente pedir desculpas ao Grupo Popular por meter isto por urxencia, pero a verdade é que nos chegou nestes días o proxecto e non deu tempo a pasárvolo antes. Antes de facer unha inversión pública sempre hai que contemplar a necesidade desa inversión, estamos falando de diñeiro dos nosos veciños. O “Carreiro do Rollo ou camiño do Rollo” o antigo camiño que cruzaba cara a Altamira e a súa desviación xa en forma de carreiro que cruzaba máis abaixo cara a Praza do Concello, levan moitos anos esperando por unha obra, esperando por unha transformación. Sabedes que era un aparcadoiro de tres ou catro coches e nos días de mercados e o carreiro estaba convertido en un lamizal. O que facíamos ata agora era desbrozalo, mantelo limpo de maleza, desbrozabase varias veces ao ano, recollíanse as augas na punta da baixo e pouco máis, agora que hai a oportunidade imos facer unha actuación, unha recuperación dese espazo para as persoas, non para os coches.

A actuación enlaza, como sabedes ten tres bocas, enlaza en Victoriano Pérez Vidal



unha onde está hoxe o Froiz, a outra sae na rúa Rollo embocando cara a Altamira e derivación do carreiro este ven a dar a baixo da rúa Rollo, esa é a actuación que imos facer nas tres embocaduras, hai que por unha actuación de bancos de pedra sobre todo na embocadura de V.P. Vidal para que non entren coches, nin haxa tentación de seguir utilizando aquilo como aparcamento. Na outra punta aínda que no proxecto aparece un banco de pedra negociaremos cun veciño que ten dereito de paso para un portal e seguramente poremos un elemento retráctil para que le poida acceder a ese portal, pero manterase cerrado sempre con un mando que se lle dará a esta persoa.

O tratamento desta obras vai ser distinto das humanización que se teñen acometido nas rúas porque non é propiamente unha rúa, vai levar un acabado de adoquín de 8x8 con canto flameado. O que non se ve da obra, o que queda debaixo van ser as canalización todas, sabedes que cando facemos as humanización se canaliza, non queda nada aéreo, canalizacións eléctricas, acometidas de auga e sobre todo a drenaxe que se vai facer para a recollida das augas que caen nese camiño e que ata agora só había un sumidoiro na punta da baixo do carreiro, vaise recoller en todo o recorrido mediante unha tubería de drenaxe que vai oculta sobre 50 cm de profundidade, cunha capa de grava superficial para que as augas caian cara a esa tubería, incluso onde se vai facer muro, onde están as terras máis altas co carreiro levarán unha tubería de drenaxe tamén pola cara interior do muro que conectara con esta mediante uns pasantes para que a auga dese terreo non faga forzas sobre o muro.

Os muros en principio no proxecto están contemplados de formigón con cara vista de tabla vertical, tratamento que nos parece moi bonito, nuns sitios vai a dúas vistas, noutros vai a unha soa onde a terra está alta e aproximadamente levará 1m de altura sobre a rasante do adoquín. Nalgunhas zonas contemplamos tamén a conservación das pastas, haberá que ver como se trata ese acabado final das pastas tamén pero procuraremos manter as pastas á mesma altura co formigón rasanteadas na mesma altura e ben encintadas porque tamén é unha elemento case patrimonial xa os cerres de pastas en Salceda. A iluminación mediante farois nas tres embocaduras, farois de 4 metros de alto con tres brazos e outro no cruce onde está o castiñeiro e durante o resto do recorrido vai con balizas de iluminación led de 1 metro de altura, aproximado, que levará un sensor de movemento para que non estean sempre acesas e soamente se acendan ao paso das persoas. O castiñeiro que hai ímolo a conservar e vamos a poñerlle un bando circular ao redor con un tratamento distinto, incluso no piso vai levar un tratamento distinto en vez de adoquín vai levar uns lastros de granito, ou sexa, placas de granito granuladas, o mobiliario queda tal vez un pouco escaso no proxecto pero como despois temos as melloras na licitación da obras pois meteremos as melloras seguramente con máis mobiliario, miraremos alí de encaixar máis bancos e xardineiras e facer un espazo o máis amable posible.

Sr. González Souto: O proxecto é bastante fácil de entender e deunos tempo máis ou menos a estudialo no que é o máis importante. Estamos falando dun proxecto que



nun total ascende a cerca de 125.000€, o proxecto en canto ao seu deseño está integrado perfectamente no entorno actual, é un proxecto que encaixa agora mesmo se lle sacamos unha foto a como está o sitio no que se quere desenrolar as obras, pero que temos que darnos conta que utilizamos diñeiro público e ese entorno non é definitivo, vai mudar, polo que este grupo cualifica este proxecto de precipitado, quero dicir, que realmente ao mellor non se debería acometer un proxecto tan profundo, sobre todo cando estamos pensando que o Concello ten moitas necesidades e estamos pensando en investir aquí 125.000€, hai que pensar que é unha zona pendente de desenrolar urbanisticamente, imos a facer para logo desfacer. Cando se edifiquen certas partidas que contempla este proxecto, picaranse, demoleranse e habrá que volver a facer outra cousa e seguramente teremos que facer despois outro proxecto para darlle o seu acabado definitivo cando as edificacións rematen. Pensemos simplemente en que esas edificacións o día de mañá levaran acometidas posiblemente por algún deses camiños onde está ese adoquinado e ao mellor a iluminación volverá a ser insuficiente ou non, de acordo coas sombras que xeren eses edificios. Pensemos que ese camiño é utilizado por moita xente e tamén que se utilice como aparcamento sería un pouco denigrar ese espazo. A nós 125.000€ parécenos moito diñeiro cando no Concello hai outras zonas onde se pode investir parte dese diñeiro. Quizá un proxecto provisional que dote de iluminación en condicións para favorecer o seu uso. Eu creo que aí atrás falaron do mapa do medo pero unha das cousas que posiblemente, como este proxecto que van a aprobar, o que acaba de explicar vostede do aceso das balizas con sensores de movemento non nos parece os máis adecuados, máis que nada porque vai a crear puntos escuros e esa zona é unha zona escura como tal, e se non teñen en conta os argumentos que nos lles dicimos. Nós pensamos que este proxecto non é o momento de desenrolalo agora mesmo polo menos teñan en conta o que lle acabo de dicir da iluminación.

Sr. González González: Xa falei ao principio que cando se inviste diñeiro público sempre hai que xustificar moi ben a necesidade. Eu pensei que iades a estar de acordo con esta necesidade. Falas de provisional, de momento aí non se fai absolutamente nada, houbo un proxecto de edificación que foi ao tacho, ese terreo estaba en mans dunha entidade bancaria e agora estará en mans do SAREB. O terreo que ten que limpar o Concello, porque os propietarios non o limpan, nós queremos recuperar iso para as persoas, xa non podemos estar esperando a ver si ven un promotor para ver se fai unha obra que só afectaría á parte que emboca con Victoriano Pérez Vidal, no ancho do edificio. En canto ao tema da iluminación, os farois van nas tres embocaduras máis no cruce co Camiño do Carreiro, son farois con unha iluminación moi potente, levan tres brazos led cada un, a parte diso no último momento as balizas de iluminación dun metro xa falamos de polas con iluminación fixa, isto agora mesmo é un punto negro tal como está para a seguridade das mulleres e para a seguridade de calquera que pase agora mesmo por alí de noite, ao momento que se faga esta obra vai ser un punto de convivencia, incluso contemplamos na zona do castiñeiro, onde vai este banco redondo que vai con iluminación na parte de abaixo. Tamén imos deixar alí unhas caixas eléctricas con enchufes estancos para que a xuventude poida conectar os seus aparatos, os seus



patinetes, os seus teléfonos móbiles, etc... que esa será outra parte de mobiliario que haberá que poñer para bicis ou patinetes ou para o que sexa que faremos cando se execute a licitación nas melloras da obra.

Sr. González Coto: O proxecto foi perfectamente explicado polo Concelleiro de mobilidade, Miguel González e o traemos a pleno para poder aprobar e financiar polo Plan Concellos 2022 da Deputación de Pontevedra. Si que é verdade que consideramos que é un punto no centro da vila que había que recuperar, polo que o voto do Partido Socialista vai ser a favor.

Sr. González Souto: A nosa postura vaia a ser a abstención, porque o proxecto parece que encaixa e ratifícome niso, pero opinamos que cos cartos públicos hai formas onde metelos que sexan máis necesarias, porque con estes 125.000€ a obra poderíase acometer con iluminando algo provisional á espera de que se desenrole a zona urbanisticamente.

Sra. Alcadesa: Lembrar o orzamento para que queden as cantidades claras, o orzamento ascende 95.295,20€ máis IVE, cun total de 115.307,19€. As actuacións que se van a realizar xa as comentou Miguel, pavimentación con adoquins, rede de abastecemento, iluminación, mobiliario urbano. En definitiva, o que pretendemos hoxe aquí, o equipo de Goberno, é recuperar un carreiro histórico como un espazo moito máis amable para as persoas e para ademais recuperar un espazo que habitualmente ten un custo para o Concello de mantemento e de manter en condicións. Insisto, é recuperar un carreiro histórico, un espazo para as persoas moito máis amable, moito máis seguro porque o Concelleiro de mobilidade fixo caso das suxestións, sobre todo, para que ese mapa do medo que temos, vaíamos cumprindo con eles para que se faga un lugar moito máis seguro. Dou lectura a proposta de acordo seguinte:

“Vista a memoria valorada de execución de mellora e acondicionamento do “Carreiro do Rollo”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila en febreiro de 2022, cun orzamento base de licitación de 115.307,19€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 20.011,99€ e o presuposto sen IVE a 95.295,20€.

Visto o informe técnico núm. 2022-0054 sobre a conformidade do proxecto á normativa urbanística.

Visto o informe de Secretaría núm. 2022-0004 sobre a lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Visto que se cumpren os requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no



artigo 21.1 ou) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de execución de mellora e acondicionamento do “Carreiro do Rollo”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila en febreiro de 2022, cun orzamento base de licitación de 115.307,19€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 20.011,99€ e o presuposto sen IVE a 95.295,20€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta **APROBADA** por **SETE** votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3) e **CINCO** ABSTENCIÓNS dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular, adoptándose o seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto de obras denominado “Memoria valorada de execución de mellora e acondicionamento do “Carreiro do Rollo”, redactado polo arquitecto Carlos Álvarez Ávila en febreiro de 2022, cun orzamento base de licitación de 115.307,19€ (IVE do 21% incluído), ascendendo o IVE a 20.011,99€ e o presuposto sen IVE a 95.295,20€, que reúne cantos requisitos son esixidos pola Lei e polo polo Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

SEGUNDO. Que leve a cabo o reformulo do Proxecto de obras, de conformidade co artigo 236 da LCSP.

MOCIÓN REBAIXA DA TAXA DO LIXO NUN 10% NO RECIBO. URXENCIA

Desfavorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 5, En contra: 7, Abstencións: 0, Ausentes: 0

URXENCIA: UNANIMIDADE.



Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo presenta neste pleno a iniciativa de solicitar a SOGAMA a posibilidade de reducirlle aos veciños un 10% o recibo da recollida do lixo para este ano 22, dou lectura a Moción seguinte:

*“O Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas de acordo co disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de **MOCIÓN**:*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta bonificación foi posta en marcha pola Xunta de Galicia no ano 2018, a través de Sogama, que reduce nun 5% o canon de tratamento do lixo por tonelada que pagan os Concellos, co obxectivo de fomentar a redución da xeración do lixo e fomentar a reciclaxe dos envases lixeiros. A maiores para este ano 2022, a Consellería de Medio Ambiente, ven de establecer unha bonificación do 10% que sumadas fan un total do 15% de aforro para os Concellos que se sumen a esta iniciativa. As únicas obrigas para poder beneficiarse o Concello dese aforro, é trasladar esa redución directamente aos veciños nos seus recibos do lixo nun 10%, así como a aprobación de novas medidas que fomenten a recollida selectiva, orientadas á prevención e redución da produción de lixo convencional ou ao fomento da reciclaxe das envases lixeiras.

Isto suporía que @s salcedenses deixarían de pagar aproximadamente uns 18.000 € ano no recibo do Lixo. É dicir, que si tod@s sumamos sinerxías, colaboramos e reciclamos, aforramos cartos e melloramos o noso Concello medioambientalmente falando.

Para que iso sexa posible, e preciso modificar a ordenanza municipal que regula a Recollida do Lixo e trasladar esa redución do canon os veciños no recibo.

*Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no Concello de Salceda de Caselas, presenta a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO o Pleno Municipal**:*

- 1. Que o Goberno Municipal solicite a SOGAMA (Sociedade Galega do Medio Ambiente) a bonificación do 10% no Canon do Lixo para o 2022.***
- 2. Que o Goberno Municipal inicie a modificación da Ordenanza Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo de Recollida do Lixo para trasladar a rebaixa do 10% os recibos que pagan os veciñ@s.”***

Esta é unha orde que saca a Consellería e creo que sería positivo que o noso Concello se sumase. Simplemente o que ten que facer o Concello é primeiro solicitar esa adhesión a esta posibilidade e en segundo lugar modificar a ordenanza para que os veciños neste ano 2022 paguen un 10% menos no recibo da recollida do lixo e a maiores o Concello facer campañas de reciclaxe para potenciar a reutilización ou



reciclaxe de envase lixeiros que os usuarios diariamente botamos ao ben aos contedores apropiados, o cal felicito a todas as persoas que teñen esa boa fe de reciclar, ou tamén desgraciadamente aqueles que non o fan e van ao contedor verde, polo tanto lixo mixturado con outros desperdicios e polo tanto o Concello ten que pagar por esa recollida e por ese contedor verde, polo tanto creo que aquí gaña o Concello, gañan os veciños e gaña en definitiva o medio ambiente, polo tanto esta é a nosa proposta que queremos ter o apoio de goberno para levala a cabo.

Sra. Castiñeira Alén: Cando se traen propostas deste tipo a unha sesión plenaria eu creo que o primeiro que hai que dar é datos, cifras, importes, que todo o mundo teña clariño o que supón e que é o que se pretende. Está moi ben pedir a redución de impostos, a redución de taxas alegremente nunha sesión como fan vostedes sistematicamente cando pola contra están solicitando un motón de servizos, un montón de obras, falan sempre que mellorarían os proxectos que nós traemos a este pleno, que dobrarían a redacción dese proxecto, que serían moito máis ambiciosos, non sei si saben que esas cousas custan. É importante sempre falar de diñeiro e de diñeiro imos falar, custes para o Concello, SOGAMA aproximadamente 15.000€ ao mes, 180.000€ aproximados ao ano; COGAMI e COREGAL 4.500€ mes, 65.000€ ao ano; contratación externa por reforzo de persoal porque xa saben vostedes o problema que temos, 40.000€ no ano 2021, por poñer un exemplo, ademais das tres persoas que destinamos a diario que evidentemente cobran uns salarios, os salarios que segundo a RPT son aproximadamente 60.000€ e outros parámetros que non están incluídos nos custos como poden ser os do seguro, os de mantemento dos camións, as reparacións, así como adquisición e reparacións dos contedores. Só cos custos cuantificados son 345.000€ ao ano, a recadación do pasado ano do 2021 son 256.000€. Temos un servizo deficitario en 89.000€ e eu non sei si saben os concelleiros e concelleiras da oposición, do Partido Popular, que as taxas teñen que cubrir o custe do servizo. Creo que vostedes deberían saber iso, pero tamén hai que ir máis alá e facer certa pedagogía. Imos a falar de custes en Salceda, prezo de vivenda no casco urbano en Salceda 65€ anuais e moitas veces vostedes fan comparativas con outros Concellos, comparativas con outros Concellos da contorna, no casco, Salvaterra 60,33€, Mos 72,58€, Pontearreas 83,39€, Tui 84,79 e Tomiño 80€; no rural: nas parroquias en Salceda 40,60€ anuais, en Salvaterra 43,87€ en Mos 72,58 €, en Pontearreas 46,90 en Tui 55,33€ en Tomiño 80€. Estas son as cifras, agora se queren falamos da realidade. Hai que ser realistas, o servizo do lixo é a todas luces deficitario, non veñan aquí vendendo fumo. SOGAMA sube e baixa unilateralmente o prezo cando lle ven en gana, xa sen entrar na cuestión da rebaixa do 10 para o ano 2022 que anunciaron unha baixa do 5% pasando o prezo da tonelada de 69 a 66. Si para o ano deciden eles, como sempre unilateralmente, subir un 10 ou un 15% que vai pasar coa ordenanza volvemos a mudala? Canto sucede iso que facemos, deberíamos repercutir o prezo do recibo, cada vez que sube, á veciñanza? Sexamos serios, falemos de cifras, falemos da realidade do que custa o servizo do lixo no noso Concello. Por certo, un servizo municipal, dos poucos que existen nos Concellos da contorna. Hai que falar de datos señores do Partido Popular de Salceda, non se pode vir aquí vendendo fumo.



Sr. González Coto: Os datos económicos están perfectamente explicados pola compañeira de Movemento Salceda, Loli Castiñeira, este é un servizo que todos sabemos que é deficitario para cumprir e a taxa non da para cubrir gastos, como ben sabemos todos os membros da Corporación. Dende a Concelleira de Medio Ambiente que levo eu, os esforzos están centrados, sabendo que economicamente non se chega, en que a recollida de residuos sexa funcional e eficiente e que os veciños teñan o mellor servizo. A modificación da ordenanza e todo o que solicitades, a miramos un tanto esaxerada coa taxa que temos para aquí para os veciños de Salceda.

Sr. Rodríguez Davila: Logo de escoitar a intervención da Sra. Dolores Castiñeira é curioso como no punto anterior malgastamos 125.000€ nunha obra, é curioso que cando un ten a responsabilidade de non gastar con rigor no día a día en obras, en decisións deste Concello onde se despilfarran miles de euros por parte do Goberno que se podían aforrar os veciños, como por exemplo en sentencias xudiciais, recursos, etc... miles e miles de euros, veñen de aprobar unha obra onde se poderían investir a metade dos cartos ou menos para adecentala, como ven dixo o meu compañeiro Primitivo, para melloralala, porque iso vai ser provisional porque iso non vai quedar así para toda a vida e pola tanto, esa diferenza que nós propoñiamos gastar ou que vostedes van gastar automaticamente é o que vostedes xustifican para non apoiar estar rebaixa aos veciños. Dos 85000€ que vostede fala de déficit da recollida do lixo, ese déficit de 85000€ se podían aforrar só nesa decisión que vostedes tomaron fai uns minutos, por poñer un exemplo. Que vostedes falen de servizo municipal de recollida do lixo cando oficialmente así é, pero que en realidade entran facturas de empresas privadas, que axudan na recollida do lixo. É moi lamentable, cando vostedes falan de defender o publico e cando son vostedes o goberno campión da privatización no Concello de Salceda da historia sumado ao anterior. Vostedes os servizos todos externos de moitas áreas de xestión diaria deste Concello, así o demostran facturas de empresas que prestan servizos, ata a biblioteca municipal, iso non é privatizar os servizos? Nós non estamos en contra de externalizar nin de privatizar certos servizos, pero o que temos que dicir que vostedes son súper campións do público e cando lle toca responsabilidades son os súper campións do contrario, da privatización, da externalización en informes, proxectos, en recursos, en servizos, en todo canto se lle pon por diante.

O que nós propoñemos é aforrarlle aproximadamente 20.000€ ao ano aos veciños de Salceda, iso é o que deixaría de pagar o Concello de Salceda a SOGAMA polo pago do canon do lixo, si facemos as contas como ben fixo vostede na parte que lle interesaba, e claro que si, que o servizo directamente, comparativamente é deficitario si comparamos o que se recada polo custe, pero aquí estamos decidindo si a cota que paga o Concello a SOGAMA a baixamos e a súa vez iso llo repercutimos aos veciños, é dicir, que o Concello deixa de pagar máis ou menos 20.000€ a SOGAMA porque eses 20.000€ llos aforramos aos veciños e polo tanto ese déficit que vostedes se agarran para votar en contra, supostamente, é exactamente o mesmo este ano



2022 que no ano 2021 porque non variamos o déficit, variamos a rebaixa aos veciños directamente e rebaixamos o custe que paga o Concello a SOGAMA. Incluso o Concello aforraría máis porque lle reduciríamos menos aos veciños do que consegue o Concello pagar a SOGAMA, ou sexa, o Concello aforraría máis ou menos 1000€ máis ao ano aínda rebaixándolle aos veciños eses 20.000€ no recibo do lixo. Vexan vostedes si é unha proposta sensata, coherente e seria e lle digo os datos: verquido anual a SOGAMA o Concello paga máis ou menos 180.000€ con esa proposta que nos lle facemos o Concello aforraría 27.000€ de pagar a SOGAMA, os veciños aforrarían máis ou menos 26.000€, o Concello gañaría aínda 1000€. Vostedes si lle aplican o 10% aos veciños vostedes vanlle aplicar o 15% SOGAMA, porque o 5% e para todos e ese 10 é a maiores. Os veciños con esta modificación, a que se acollen moitos Concellos de Galicia, aforrarían un 10% e o Concello un 15%, os veciños aforrarían 25.000€ e o Concello 26.000€, ganaría o Concello 1000€ a maiores e vostedes están en contra, están en contra de axudar aos veciños nun momento difícil despois de meterlle ese catastrazo insolidario e inxusto.

Sra. Castiñeira Alén: Sr. Santi, portavoz, cando se fai unha proposta hai que estudar tamén a letra pequeniña e a letra pequeniña di que hai que cumprir unha serie de compromisos para o cumprimento desa rebaixa do 10%, preguntouse o Partido Popular cales eran eses requisitos? Santi o servizo é municipal ou non é? Que servizos externos ademais non contrataría vostede? Igual pecharía a biblioteca por falla de persoal. O máis triste é que o Partido Popular de Salceda descoñece no que se traballa na Lei de Residuos de Galicia de 2021 en vigor dende hai moi pouquiño e que fala de algo que xa deberíamos saber todos e todas, que os servizos non poden constituír déficit que é o que acontece neste Concello e vostedes veñen aquí con unha ocorrencia, ocorrencia tras ocorrencia, traían cousas e propostas sensatas non enganen á xente e nós faremos, aínda que a veces custe como fixemos co IBI, pedagogía e adoptaremos as medidas que consideremos necesarias para o ben da nosa veciñanza que para iso nos elixiron e para iso estamos aquí.

Sr. Rodríguez Davila: Membros do goberno o que hai é que xestionar e o que hai é que prestar o servizo con xestión, non chamando por teléfono a empresas privadas para que presten os servizos que son municipais e vólvelle a insistir, vostedes que tanto falan do público resulta que son vostedes os campións da privatización en Salceda de Caselas da historia, e aos feitos me remito, ás facturas me remito e ao persoal que contratan a través de empresas. Nós non estamos en contra diso, nos estamos dicindo que vostedes non poden estar dicindo unha cousa e a contraria e vostedes non poden facer unha cousa e a contraria que é o que solen dicir. Nós seríamos irresponsables e incoherentes si esta proposta de rebaixa do 10% aos veciños non fose acompañada de que o Concello tamén se beneficia desa rebaixa señores do goberno. Vostedes non se dan conta que o que lle estamos plantexando é que SOGAMA lle deixa de cobrar ao Concello o 10% do total que paga ao ano a cambio de que vostedes llo repercutan aos veciños e polo tanto ese 10% que lle repercutimos en beneficio dos veciños, tamén o repercutimos en beneficio do Concello, porque vai deixar de pagar ese 10% a SOGAMA. Iso é ser coherente e



responsable, si foxise ao revés, nós non traeríamos este plantexamento aquí precisamente por ser coherentes, serios e responsables á hora de ser un grupo municipal con vocación de goberno e de ter responsabilidades de goberno, pero aquí estamos dicindo que ese 10% do que se benefician os veciños tamén se beneficia o Concello que vai a aforrar ese 10% máis un 5% a maiores directamente, porque SOGAMA llo aplica a todos os Concellos e polo déficit que vostedes din que hai que é certo, se mantería, porque deixamos de ingresar un 10% pero deixamos de pagar un 15%, é máis, o Concello aínda aforraría pouco pero aforraría, porque os veciños deixan de pagar ao Concello un 10% e o Concello deixa de pagar a SOGAMA un 15 % e iso está na publicación, nesa posibilidade que pon Medio Ambiente nos Concellos, polo tanto non terxiversen e non digan o que non é certo. Claro que hai déficit no servizo de recollida do lixo, claro que si, por iso digo que si ese 10% só se repercute nos veciños e o Concello tería que pagar o mesmo a SOGAMA entón aumentaríamos o déficit nun 10% e iso sería irresponsable pola nosa parte, pero aquí non é iso, aquí os veciños aforran un 10% e o Concello vai a aforrar un 15%. Vostedes deciden si se suman ou si pola contra seguen apostando por seguir mantendo os impostos aos veciños ,en aras de facer o que non saben, que é xestionar con rigor e gastar onde hai que gastar e aforrar onde hai que aforrar e tomar decisión serias e rigorosas no día a día e non despilfarrar diariamente miles de euros que os veciños ben merecen velos invertidos en servizos e en prestacións.

Sra. Alcadesa: Os requisitos tamén llos podería enumerar eu, pero solo lle quero dicir, que esas actuacións que hai que cumprir para poder adherirse a ese 10%, como faría esas actuacións? Chamaría a empresa para facelas ou se farían solas? Desas facturas que di vostede que chegan, o digo porque esas actuacións habería que levalas a cabo e habería que levalas a cabo con alguén e habería que pagarlle, e xa o 10% ese xa empezariamos a descontar. Non sei si votou contas dos trámites administrativos que hai que facer para todo iso non teñen custe tamén? Porque chamar a empresa para esas actuacións ou facer os trámites administrativos para esas actuacións e a modificación e demais levaría un custe a este Concello que pagamos tamén. A verdade é que o PP ten un mérito importante, ten un mérito de ser capaz en calquera tema de falar do IBI incluso nas propias iniciativas que trae o Grupo do Partido Popular. Déronse as cifras, a moción está clara, os posicionamentos dos dous grupos do equipo de goberno están claros.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción , esta resulta **REXEITADA** por CINCO votos a favor dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal do Grupo Municipal Partido Popular e SETE votos en contra dos/as Concelleiros/as do Grupo Municipal Movemento Salceda (4) e PSdeG-PSOE(3)

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2021-1636 de 20 de decembro ata o



núm. 2022-0197 de 18 de febreiro.

Queda dada conta dos decreto dende o núm. 2021-1636 de 20 de decembro ata o núm. 2022-0197 de 18 de febreiro.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

1º) Sr. González Souto: En relación ao portal de transparencia en canto a documentación. rogo que se suban os currículos porque aparece a carpeta pero non hai currículos onde os veciños poidan acceder a traxectoria da xente que os goberna e da súa experiencia, non están subidos.

En relación aos soldos dos cargos públicos, onde pon soldos dos cargos públicos non se corresponde para nada o que pon no portal de transparencia co que pon no acordo plenario, por exemplo, adicacións exclusivas: Alcaldía/coordinación de proxectos 1 dedicación exclusiva; segunda: Concelleira de réxime interior, economía, facenda, seguridade, tráfico e persoal; terceira: Concellería de Benestar Social e Igualdade, cultura, festexos, normalización lingüística e ensino. Adicacións parciais: Concellería de formación, emprego, turismo, comercio, consumo, sanidade, parques e xardíns; segunda: Concellería de Medio ambiente, deportes, xuventude, voluntariado, participación cidadá e novas tecnoloxías; isto é un popurrí aquí están mixturadas porque a tenencia de alcaldía non aparece como dedicación exclusiva e de feito aparecen cinco cando sabemos que hai tres dedicacións exclusivas e creo que tres parciais, pídolle que actualicen o portal de transparencia.

Sra. Alcaldesa: Atenderase a rogo, revisaremos publicaremos o novo. En canto aos currículos non é unha documentación obrigatoria no portal de transparencia, eu non teño problema ningún en subir o meu e aquel Concelleiro ou Concelleira que queira que o presente e se subirá, pero non é unha documentación obrigatoria no portal de transparencia. En canto a de quen depende o de portal de transparencia entendo que é á Secretaria do Concello e que non é político que nos subamos e que digamos o que queiramos e o que non, entendo que os trece concelleiros facemos as nosas declaracións ao tomar posesión ante a secretaria do Concello. Revisaremos e si hai algunha documentación que actualizar o faremos.

PREGUNTAS:

1º) Sr. Nuñez Troncoso: No pleno de decembro preguntei sobre unha memoria dentro do marco do programa ERASMUS e a resposta que se nos deu foi “que a comenzos de ano poñerémonos a traballar con iso”, lembro que esa memoria custou 4800€. En que situación está ese programa proxecto? E que asociacións ou veciños demandaron ese programa?



Sr. Rodríguez Canosa: Eran dous proxectos, en moitas ocasións a iniciativa é nosa e penso que debe ser así, para iso a veciñanza nos vota. Isto foi iniciativa do goberno no ano 2020 e estamos agora na fase de comezar a traballar nesos dous proxectos un que depende da Unión Europea e outro que dependera do SEPE.

Sr. Nuñez Troncoso: Ou sexa que sen haber demanda, nin asociación, ningún colectivo, ningún veciño, se elabora unha memoria se gastan 4800€ sen nun principio sacarlle ningún rendemento, beneficio para os veciños ou colectivos de Salceda.

Sr. Rodríguez Canosa: Xa che dixen, dúas memorias elaboradas de 2.400€ IVE incluído cada unha e repito para algo estamos gobernando, para algo nos elixiron os veciños, para ter iniciativa, para ter iniciativa en cousas que nos parezan interesantes e que a veciñanza de Salceda lle vai a sacar beneficio.

2º) Sr. Nuñez Troncoso: No pleno de outubro do 2021, preguntei sobre o estado lamentable no que se atopa o camiño da Crega- no Mallón en Soutelo, agora incluso ata sen luz pública, teñen pensado arranxalo? Canto tempo teñen que esperar os veciños que se serven por ese camiño para poder circular, andar dignamente?

Sra. Castiñeira Alén: Ese camiño vaise reparar, xa llo dixemos en plenos anteriores nestas actas que acabamos de aprobar, está recollido.

3º) Sr. Nuñez Troncoso: Fai unha semana aprobaron vostedes unha relación de facturas que deixaron sen pagar do ano 2021 porque non tiñan crédito por 460.000€, queremos saber, porque esas facturas era dende xaneiro a agosto, canto queda sen pagar do ano 2021?

Sra. González Pereira: Xa llo dixen a semana pasada no Pleno, non está pechado aínda, non está pechado o segundo recoñecemento extraxudicial de crédito, vamos a tráelo conxuntamente co orzamento para precisamente darlle cabida e que estea recollido no orzamento, agardo que o teñamos pechado na próxima semana e no mes de marzo de vir a pleno pero non está pechado a día de hoxe polo tanto non lle vou a dar unha cifra que non é a final.

4º) Sr. González Souto: O 23/12/2020 acordamos aquí instar a Deputación de Pontevedra sobre unha moción que aprobamos por unanimidade para que valorasen un estudio de seguridade no carril-bici, un problema eses bordillos que se colocaron que xeran moitos problemas, eu lévolle insistindo nos últimos catro pleno, que tipo de comunicacións tivo coa Deputación e se evolucionara ese acordo plenario, ao que chegamos por unanimidade, sempre me respondeu que non se fixo pola parte do Concello ningún tipo de actuación, fixo algunha actuación?

Sra. Alcadesa: Si, enviouse un escrito á Deputación para recordarlle o acordo plenario que se tomou e que por favor si o estiman que fagan un estudio de



seguridade.

Sr. González Souto: En que data se enviou aproximadamente

Sra. Alcaldesa: Estes días, non lembro ben a data pero foi nestes días.

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

